



PLAN DIXITAL

IES Pedra da Auga

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Pedra da Auga (ies.pedra.auga@edu.xunta.gal) atópase na rúa Feliciano Barrera, situado nun cantón do centro urbano de Ponteareas. Na páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedradaauga/>) pódese acceder a toda a documentación e información pertinente.

O centro conta coas etapas educativas da ESO, Bacharelato e Formación Profesional Básica, de Grao Medio e de Grao Superior. Aproximadamente cada curso escolar conta con 500 alumnos e alumnas, prestando os seus servizos 57 profesores e profesoras, 1 PT e 1 Orientadora. Asemade, traballan no instituto, en canto a persoal non docente, sete persoas levando a cabo diversas labores.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

En Ponteareas, lugar no que se atopa o noso centro, a metade da poboación concéntrase no casco urbano e o resto nas vinte e catro parroquias periféricas do municipio. A súa actividade económica fundaméntase principalmente no sector industrial e de servizos. Neste contexto, o alumnado do centro procede un 52% do rural fronte a un 48% do urbano. O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo, de xeito que un gran número de alumnado da ESO solicita fondos para libros de texto, e unha gran porcentaxe solicita as becas do ministerio.

Trala necesidade de adaptación a ensinanza online no curso 2019-2020 e ante a falta de medios tecnolóxicos de moitas familias, o IES Pedra da Auga decidiu entrar no programa E-dixgal. Polo tanto, no curso 2020-2021 iniciouse nos dous grupos (A e B) de 1ºESO, estendéndose a todas as etapas e niveis durante o curso 2021-2022, apostando así pola educación dixital.

O centro non só conta co proxecto E-dixgal, senón que lévanse a cabo diversas iniciativas dixitais en distintos eidos. Por un lado, dentro do Plan de Formación do centro, o claustro recibe todos os anos cursos de formación permanente destinados á mellora das capacidades tecnolóxicas (impresión 3D, pizarra dixital, maquetación, creación de videotutoriais...). Ademais, o instituto pertence á rede de Meteoescolas, cunha estación meteorolóxica dixitalizada. Asemade, creouse a radio escolar, coa intención de ampliar a súa tecnoloxía dentro dos de Polos Creativos. A maiores, o profesorado e alumnado de FP participa nos Proxectos de Innovación, presentando este ano un adestrador de *smart home*.

O presente Plan Dixital contribúe a Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A necesidade da elaboración do Plan Dixital ven xustificada polos artigos 111 bis, 121 e 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación; así como pola disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-2022. Tamén, pola disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022; e a resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente documento seguiuuse o proceso descrito a continuación:



Figura 1: Proceso de elaboración

Ao comezo do curso escolar a dirección do centro nomeou á Coordinadora Dixital e conformouse o Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Para poder establecer o marco de partida e as necesidades do instituto, a directora e a coordinadora prepararon as enquisas SELFIE e, xunto con todo o Equipo Dinamizador realizáronse en todos os cursos e niveis educativos do centro. A continuación, todo o profesorado completou as enquisas CDD para avaliar o seu nivel de competencia dixital. Os resultados de ambas enquisas empregáronse para a elaboración conxunta do DAFO, o cal permitiu establecer o Plan de Acción do centro, base para a creación do presente Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Actualmente o IES Pedra da Auga conta con conexión de fibra óptica simétrica de 600Mb, un *router* 5g inalámbrico de respaldo e varios puntos wifi ao longo dos distintos edificios.

O IES Pedra da Auga dispón de dúas aulas de informática (A04 e A06) con 22 e 12 postos, respectivamente, e proxector. Cabe destacar que ambas aulas precisan ser actualizadas, a A04 ten ordenadores obsoletos e a A06 ten dous equipos non operativos ademais de non dispoñer das instalacións adecuadas para a educación dixital.

Todos os niveis da ESO están dentro do programa E-dixgal, un total de 8 aulas, 206 equipos de alumnado e 30 equipos de profesorado. Ademais, todas as aulas do centro contan cun ordenador para o profesor/a, unha pizarra dixital ou proxector e unha tableta dixitalizadora. En total o centro conta con 40 equipos de aula, moitos xa obsoletos, de feito 10 destes equipos encóntranse substituídos por equipos de profesorado E-dixgal. As pizarras dixitais funcionan adecuadamente e están actualizadas, non ocorre o mesmo cos proxectores.

Para os cursos de FP, o centro dispón de equipos para todo o alumnado dos módulos de Administrativo pero non para os módulos de Electricidade como se reflexa na sección 3.

O centro tamén ten unha sala adicada á radio escolar, cunha mesa de son, cinco micrófonos e cascos, e un croma. Consecuentemente tamén conta coa instalación de son necesaria para retransmitir polos altosfalantes do centro durante o recreo. O ordenador da radio e a cámara de vídeo que actualmente empregan son cedidos polo profesorado.

O resto de instalacións do instituto que inclúen infraestruturas dixitais son a biblioteca (1 ordenador para a catalogación de libros, 2 ordenadores de consulta, 1 proxector, 8 tablets e X libros electrónicos), a sala de profesores (9 equipos), o salón de actos (sistema de son, 1 equipo e proxector), o taller de tecnoloxía (1 equipo e unha impresora 3D), o laboratorio de Bioloxía (equipo cedido polo profesorado), os despachos de dirección e orientación (5 equipos) e as zonas de xestión e administración (3 equipos). En total hai inventariados en todo o centro incluíndo todas aulas, departamentos e salas 265 equipos, pero non todos funcionan.

Dentro dos servizos dixitais cóntase con aula virtual para Bacharelato e Ciclos, a plataforma E-Dixgal para ESO, Abalarmóvil e licenzas Burlington e Santillana para inglés e francés respectivamente. Ademais, o centro ten contratado a un informático externo para as necesidades do día a día.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Como se recolleu na Figura 1, un dos primeiros pasos para realizar o Plan Dixital foi completar as enquisas SELFIE; na seguinte táboa inclúese a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	4	4	-
	Profesorado	3,7	3,4	3,2
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4	4	-
	Profesorado	3,2	3	2,9
	Alumnado	3,2	2,2	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,1	3,7	-
	Profesorado	3,6	3,6	3,5
	Alumnado	4,1	3	3,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,6	4,7	-
	Profesorado	4	3,7	3,5
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4	4	-
	Profesorado	4,3	4,2	4
	Alumnado	4,1	3,9	3,7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,2	3,4	-
	Profesorado	3,8	3,8	3,3
	Alumnado	3,3	2,7	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8	3,3	-
	Profesorado	3,3	3,2	3,3
	Alumnado	3	2,5	2,7
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,2	3,7	-
	Profesorado	3,6	3,8	3,5
	Alumnado	3,5	3	3

Táboa 1: Resumo dos resultados dos informes SELFIE. As celdas sen datos débense á ausencia de preguntas ou de membros, non de participación

En canto ao test CDD, terceiro paso da Figura 1, a competencia media do centro foi de 79,5, tres puntos máis que a media en Galicia (ver táboa 4). Se analizamos os datos por estudos, pódese observar que o profesorado de FP acadou maior media (82,9) ca o profesorado da ESO (76,6) e Bacharelato (77,2), de xeito que os primeiros superaron a media galega ao contrario que os segundos (ver táboa 5).

A distribución de niveis por profesorado así como o seu perfil recóllense nas táboas 2 e 3.

	Total profesorado no nivel de competencia	% profesorado participante nese nivel
Explorador/a (A2)	15	41,7%
Integrador/a (B1)	8	22,2%
Experto/a (B2)	12	33,3%
Líder (C1)	1	2,8%
Total	36	100%

Táboa 2: Distribución en niveis do profesorado participante

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	23	38	60,5%
PROVISIONAL	6	6	100%
INTERINO	5	10	50%
SUBSTITUTO	2	9	22,2%
OUTROS	0	1	0%

Táboa 3: Participación segundo perfil do profesorado

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,5	B1	76,4	B1

Táboa 4: Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,9	B1	80,3	B1
BAC	76,6	B1	79,2	B1
F.P.	77,2	B1	77,9	B1

Táboa 5: Puntuación e nivel de competencia por etapas

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Si hai equipos dixitais para gran parte do alumnado. • Existen espazos para compartir recursos educativos dixitais. • Empréganse as plataformas dixitais promovidas pola administración educativa. • Emprégase software libre. • Bo acceso a internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipos desactualizados. • Non hai equipos para todo o alumnado. • Mal cableado.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • Si se participa en redes colaborativas. • Créanse recursos educativos dixitais. • Lévese a cabo a adopción, extensión e promoción de innovacións educativas. • Utilízanse recursos dixitais para observar e documentar os progresos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Falta tempo para explorar novas modalidades de ensino. • Non se incorporan tecnoloxías para a avaliación. • Non hai dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía e o uso de recurso dixitais. • Non se fai un uso creativo das aulas virtuais. • Pouca estabilidade. • Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. • Non se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación • Insuficiente comunicación interna
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • Persoal non docente estable 	
	EQUIPO DIRECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • O equipo directivo si promove o emprego do software libre. • O equipo directivo si promove o debate e diálogo entre o profesorado. • O equipo directivo si promove o uso das tecnoloxías na aula. 	
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Destacan as habilidades dixitais adquiridas nas distintas materias. • Si teñen acceso a dispositivos fora do centro. • Si aprenden a comprobar si a información é fiable e precisa. • Si aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas e a comunicarse 	<ul style="list-style-type: none"> • Non participan na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais. • Non acadan a competencia para a resolución de problemas técnicos cos dispositivos dixitais. • Falta colaboración. • Non aprenden a solucionar problemas técnicos
	FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none"> • Falta de comunicación coas familias.
	OFERTA		<ul style="list-style-type: none"> • Falta de comunicación entre FP e ESO/Bacharelato
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Si existe unha estratexia dixital do centro. • Si existe unha política de protección de datos. • Existen materias específicas para o uso de dispositivos dixitais. • Ampla oferta de formación permanente 	<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia técnica insuficiente. • Faltan bases de datos de empresas. • Ordenadores do profesorado obsoletos

Táboa 6: Informe DAFO

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> Achegas económicas específicas. Novas ofertas de actividades formativas. Proxecto e-dixgal. 	
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Necesidade de fomentar a educación dixital no centro. 	
	CONTORNA		<ul style="list-style-type: none"> Condición socio económicas
	ANPA		<ul style="list-style-type: none"> Baixa participación das familias na estratexia dixital do centro, incluso rexeitamento.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> Mellora da participación das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> Baixa participación das empresas en FP. Non hai colaboración con outros centros.

Táboa 7: Continuación informe DAFO

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO e das opinións do claustro e Equipo Directivo, o Equipo de Dinamización Dixital do centro decidiu elaborar o Plan de Acción centrándose en tres obxectivos fundamentais: renovar e dotar ao centro da tecnoloxía necesaria para a educación dixital, mellorar os tempos e as comunicacións e obter asistencia técnica adecuada. Estes tres obxectivos para 2022-2023 pretenden sentar as bases para poder mellorar e ampliar a estratexia dixital nos vindeiros cursos de forma efectiva. Polo tanto, as áreas prioritarias de mellora son Infraestrutura e Equipos e Liderado. Detállanse e xustifícanse a continuación cada obxectivo:

1. Renovar e dotar ao centro do equipamento tecnolóxico necesario

Para continuar coa labor iniciada coa implantación do programa E-dixgal, no curso 2022-2023 queremos adaptar as aulas de 1ºESO á educación dixital. Para tal fin, as mesas individuais con pouco espazo para traballar simultaneamente co ordenador e o caderno, serían substituídos por mesas de dous postos. Ao mesmo tempo, debemos garantir que os equipos a disposición do profesor/a funcionen correctamente para o bo transcurso da clase, polo que é necesario renovar as conexións de vídeo e son das aulas e contar con asistencia técnica para os problemas que poidan xurdir ao longo do curso.

O alumnado de ciclos e bacharelato, fóra do programa E-dixgal, tamén debe dispor de acceso a equipos ou a aulas de informática actualizadas. Para este fin, no curso 2022-

2023 queremos constituir unha boa aula de informática, en lugar de contar con dúas aulas deficientes. O obxectivo é ampliar a aula de maiores dimensións, renovando os equipos actuais e incluíndo novos postos. A aula xa conta con algunhas das instalacións necesarias, as mesas son apropiadas (corridas e con entrada e saída para cables) e dispón dun proxector actualizado. Porén, é necesario renovar as cadeiras e os equipos para un total de 27 postos. Unha aula de informática actualizada permitiríanos eliminar a segunda aula e xestionar máis adecuadamente os nosos recursos.

En canto ao alumnado de ciclos, en Administrativo contamos cos equipos necesarios para unha correcta educación dixital do alumnado. Porén, no ciclo de Instalacións Eléctricas e Automáticas non dispomos do espazo necesario para separar zona de taller da zona de teoría/informática, sendo necesarios equipos portátiles para a mesa de traballo única. Actualmente, o centro non pode asumir o custo dos 22 equipos portátiles necesarios, de xeito que o propio alumnado debe traer o seu equipo, xerando así unha desigualdade clara nas nosas aulas ademais de un serio problema de seguridade ao conectarse todos os equipos a mesma intratet, de xeito que teñen permisos nos seus equipos persoais que lles permitirían boicotear a rede. É urxente que no curso 2022-2023 se leve a cabo unha dotación de equipos para suplir esta carencia.

Por outro lado, a radio escolar pertencente á Biblioteca, supón un recurso magnífico para a introdución da tecnoloxía co alumnado, dun xeito moi diferente ao levado a cabo na aula. Actualmente non dispoñemos de equipos, empregando ordenadores de profesor para a gravación e edición, por iso no curso 2022-2023 gustaríanos dotar á Radio Escolar do seu propio material.

Por último, algo imprescindible para a consecución do noso obxectivo é que a instalación eléctrica, de rede e de son funcione correctamente. Para isto, é necesario actualizar moitas das conexións e cableados do centro.

2. Mellorar o tempo adicado ao uso da tecnoloxía e mellorar a comunicación

Unha das ameazas que máis se destaca nos informes SELFIE, corroborada polos resultados do CDD, é a necesidade de mellorar a formación do profesorado e o tempo dispoñible para elaborar estratexias dixitais acordes a nosa realidade escolar. Para este fin, é necesario que o Equipo de Dinamización Dixital este conformado por un núcleo de docentes motivados que dispoñan de tempo dentro do seu horario para elaborar e traballar na nosa estratexia dixital. Ademais, tamén é necesario mellorar a comunicación dentro da comunidade escolar, para implicar a profesorado, familias e entidades externas.

3. Obter asistencia técnica por parte da Consellería de Educación

Entre as carencias detectadas no SELFIE e no noso día a día está a resolución de problemas nun tempo axeitado. Actualmente, cando un dos nosos proxectores ou

equipos deixa de funcionar, a resposta por parte da Consellería é moi lenta. O centro ten contratado a un informático externo que non pode estar presente todo o necesario, de xeito que ante unha avaría non podemos continuar coa nosa labor xa que non dispoñemos de solución nin de equipos de substitución. É imprescindible poder contar con asistencia técnica o máis inmediata posible por parte da Consellería de Educación ou, no seu defecto, dunha partida presupostaria adecuada para a súa contratación.

O resumo e seguimento destes tres obxectivos para o curso 2022-2023 realizarase mediante as táboas das páxinas 12 á 15.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para cada un dos obxectivos indicados no punto 3.2. detállanse a continuación as necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas, que poden atoparse resumidas nas táboas do Plan de Acción. A súa xustificación relacionándose con cada obxectivo realizouse no apartado previo.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
OBXECTIVO 1: (1)	Renovar e dotar ao centro de equipamento tecnolóxico necesario para a estratexia dixital				Acadado	
Responsable:	Coordinador Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Menos do 25% das necesidades cubertas //Entre 25% - 50% // Entre 50% - 75% //+ do 75%					
Valor de partida: (3)	0% das necesidades cubertas					
Valor previsto e data: (4)	75% das necesidades cubertas			30-9-2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Adaptar as aulas de 1ºESO ao novo paradigma dixital	Consellería de Educación	30-9-2022	30 mesas dobres, renovación do cableado das aulas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Dotación de portátiles para os talleres de electricidade	Consellería de Educación	30-9-2022	22 Ordenadores portátiles [CPU Intel Core i5 ou equivalente 3,4GHz ou superior, RAM de 16GB ou superior, disco duro SSD 50Gb libres ou máis.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Dotación de equipamento tecnolóxico para a Biblioteca e a radio escolar	Consellería de Educación	30-9-2022	2 Ordenadores portátiles, 2 ordenadores de mesa y 5 altosfalantes sen fíos (<i>bluetooth</i>)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4: Renovación da aula de informática do centro	Consellería de Educación	30-9-2022	27 Ordenadores de sobremesa, 27 cadeiras con rodas para as mesas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Renovación do cableado do centro	Consellería de Educación	30-9-2022	Técnico ou orzamento para a súa contratación (1000€)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADO						
OBXECTIVO 2: (1)	Mellorar o tempo adicado ao uso da tecnoloxía e mellorar a comunicación				Acadado	
Responsable:	Coordinador Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	0: Non hai tempo destinado ao uso da tecnoloxía // 1: Hai tempo pero falta mellorar as canles de comunicación entre o claustro // 2: Hai tempo destinado ao uso da tecnoloxía e mellora a comunicación entre o claustro					
Valor de partida: (3)	0: Non hai tempo destinado ao uso da tecnoloxía					
Valor previsto e data: (4)	1: Hai tempo pero falta mellorar as canles de comunicación entre o claustro			30-9-2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Formación dun novo Coordinador Dixital e equipo.	Equipo Directivo // Coordinador e equipo 2021-2022	30-9-2022	1 Coordinador Dixital + entre 1 e 5 profesores para o equipo dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Incluír dentro do horario do Coordinador Dixital e do seu equipo horas adicadas á estratexia dixital do centro	Equipo Directivo // Inspección Educativa	30-9-2022	2 horas liberadas para o coordinador dixital e 1 hora de reunión para o equipo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Informar periodicamente á comunidade escolar (mediante o correo electrónico, reunións presenciais ou telemáticas, boletíns...) do transcurso da	Equipo Directivo // Coordinador Dixital e equipo	1-6-2023	Coordinador dixital + equipo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
OBXECTIVO 3: (1)	Obter asistencia técnica por parte da Consellería de Educación				Acadado	
Responsable:	Coordinador Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	0:Non houbo asistencia técnica // 1:AT en remoto // 2:AT presencial insuficiente // 3: AT satisfactoria					
Valor de partida: (3)	0: Non hai asistencia técnica					
Valor previsto e data: (4)	3: Asistencia técnica satisfactoria			30-9-2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Dispor de asistencia técnica (informático/a) para manter os equipos do centro.	Consellería de Educación	30-6-2023	1 Informático/a ou orzamento para a súa contratación externa (8000€)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Dispor de asistencia técnica inmediata de forma telemática no centro.	Consellería de Educación	30-6-2023	1 Informático/a ou orzamento para a súa contratación externa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Na **avaliación procesual**, procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarao o/a Coordinador/a Dixital do centro como mínimo unha vez ao trimestre, sendo recomendable a súa revisión mensual. O/a Coordinador/a indicará nas táboas do Plan de Acción o estado da consecución dos obxectivos e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

En canto a **avaliación final**, realizarase ao finalizar o curso 2022, valorando o logro dos obxectivos marcados e indicando as propostas de mellora e ampliación.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será publicado na páxina web do centro e remitido por correo electrónico a todo o claustro.